

# Xohana Torres, a primeira de moitas

«As mulleres sostemos o ceo», dixo a escritora recordando que a outra cara da lúa merece a mesma visibilidade. Ela destacou pola súa valía

••• MALORES VILLANUEVA

«As mulleres sostemos a metade do ceo», dixo Xohana Torres. A súa foi unha traxectoria que serviu para que iso acontecese, sendo pioneira en moitas facetas e destacando en todas elas polo seu compromiso e a súa valía.

Durante a ditadura as posibilidades de publicar en galego eran escasas, houbo que agardar a 1952 para que aparecesen dous poemarios firmados por mulleres: *O paxaro na boca*, de Luz Pozo Garza, e *Íntimas*, de Pura Vázquez. Pouco tempo despois a Editorial Galaxia publicaría por primeira vez unha voz feminina, a de Xohana Torres, dentro da colección Illa Nova, un selo para autores e autoras noveis. Xaime Isla fora o verdadeiro entusiasta deste proxecto e os dous primeiros libros da colección saíron en 1957: a peza teatral *Vieiro choído*, de X. L. Franco Grande, e *Do sulco*, de Xohana Torres, un poemario intimista onde o amor, a soidade e a morte están moi presentes.

No mes de xaneiro daquel ano, en Compostela, os responsables da editorial reuníranse cos «novos valores» da literatura galega para anunciarlles a creación de Illa Nova. Entre os presentes a única muller era Xohana Torres. Ela integrárase naquel grupo de universitarios que formaban X. L. Méndez Ferrín, X. M. Beiras, Franco Grande ou Ramón Lorenzo. Aquel mesmo inverno botaron a andar un ciclo de conferencias no Círculo Mercantil de Santiago que quería ser unha homenaxe á poesía galega. A única autora que interveu foi Xohana, poñendo o ramo ás xornadas cunha charla que mereceu o aplauso da sala ategada de xente. «No movemento literario de hoxe, non podía faltar unha muller. A súa acti-

vidade está unida ó porvir histórico da terra», así comezou a súa intervención e non faltaron referencias a Castelao nin a lectura de poemas seus que forman parte *Do sulco*.

Xohana Torres, a diferenza dos seus compañeiros de xeración, non era universitaria en Compostela, senón que vivía en Ferrol. Fora Franco Grande quen soubera dela a través dos xornais, cando en 1955 gañara o primeiro premio de Poesía da Asociación de Prensa de Vigo, unha distinción que compartiu con Celso Emilio Ferreiro. As súas declaracións na prensa, dun galeguismo sen contemplacións, impresionáranos moito e decidíu establecer contacto con ela, introducindo na grupo.

## AMBIENTE NON PROCLIVE AO GALEGO

A súa aposta firme polo galego era salientable ao crecer nun ambiente militar nada proclive á lingua, pero Xohana tiña unha avoa, Lola, nas terras de Avia, que gardaba o idioma para legarallo á súa neta. Dela aprendeu os nomes do máis próximo: o vocabulario das cepas, a coloración dos viños, a gama cromática do arco iris, os remedios con herbas, as historias do lugar, os xogos, incluso algunhas palabras do barallete ou a facer a figa, pero sobre todo herdou da avoa Lola o seu talante libertario. Despois virían as clases de Historia e Literatura co profesor Carballo Calero, quen lle mos-

XOHANA TIÑA  
UNHA AVOA  
NAS TERRAS DE  
AVIA QUE LLE  
LEGOU  
O IDIOMA



ILUSTRACIÓN:  
PILAR CANICOBA

traríaa unha Galicia diferente, pero invisible ata entón: os cancioneiros medievais, o Rexurdimento, a cultura celta...

Xa nos anos sesenta, instalada en Vigo, Torres dirixiu na radio o primeiro programa cultural en galego: *Raiz e Tempo*, en La Voz de Vigo. Foi tamén pioneira na tradución de literatura infantil e xuvenil á nosa lingua e comezou a escribir contos para a cativada como *Pollo mar van as sardiñas*. Da mesma época de efervescencia creativa son as pezas teatrais *Á outra banda do Iberr* e *Un hotel de primeira sobre o río*, gañadoras do primeiro e segundo Premio Castelao, onde xa destacan as personaxes femininas e a denuncia social.

## TAMÉN NARRATIVA

Nada lle foi alleo á autora, tampouco a narrativa. En 1970 gañaba con *Adiós María* o Premio Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires. Un éxito acompañado de gran polémica, xa que ese mesmo ano presentárase, con *Xente ao lonxe*, Eduardo Blanco Amor, narrador consagrado que non aceptou de bo grado a decisión do xurado. Pasado o tempo, queda fóra de toda dúbida a calidade da novela *Adiós María*, novidosa e rompedora, a primeira de concienciación feminista, que vai camiño de ser un clásico.

Xa na madurez deu á luz *Estación ao mar*, libro co que inauguraba a colección Dombate de poesía na Editorial Galaxia e co que conseguía o Premio da Crítica Española en 1981. Dende entón pasaron xa corenta anos, pero a súa poesía, tamén a de *Tempo de ría* e *Elexías a Lola*, segue a ser un referente para as novas fornadas de poetas. Na súa escrita está a

EN SINOUNOS  
QUE A VIDA  
NON É  
SEMPRE UNHA  
TRAVESÍA BEN  
INFORMADA

avoa poderosa, forte, que mantén viva a lingua e a cultura da súa estirpe; tamén a terra, o tempo, o mar e o seu compromiso coa muller, con esa Penélope, que non é mito senón símbolo, que se reivindicada nun verso que hoxe é lema do feminismo: Eu tamén navegar!

Xohana Torres ensinounos que «a vida non é sempre unha travesía ben informada, hai moitas maneiras de ver os mapas, pero ben ve o que mira dúas veces a mesma paisaxe».

Por iso, hoxe e sempre, cómpre volver lela, volver aprender no ronsel da mestra.

CUANDO VUELVAS,  
CUÍDATE CON MELIÁ

Desayuno y  
acceso a la piscina exterior

DESDE  
49,50€  
por persona

T (+351) 253 144 000 | melia.braga@meliaportugal.com

